



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30/09/2022), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 pais/nais**, dun total de **3** que debe ter o Consello Escolar. Un representante de pais/nais continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021, e hai que cubrir unha vacante por non haber ANPA no Centro.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os tutores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 4 de novembro está súa disposición na secretaría do Centro. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, dende o 07 de novembro ás 08:45 horas ata as 13:30 horas do 14 de novembro.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os tutores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas dende o 07 de novembro ás 08:45 horas ata as 13:30 horas do 14 de novembro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día 18 de novembro, ás 12:25 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou tutores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 18 ao 21 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou tutores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste IES o **día 23 de novembro, de 18:00 horas a 21:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 17:45 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **1 nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Noia, 04 de novembro de 2022
O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: José Antonio Mayo Caamaño

